

EROSKI FIXA OS TERMOS ECONÓMICOS DA SÚA NOVA EMISIÓN DE BONOS SÉNIOR GARANTIDOS

- **O tipo de xuro fixo do bono estableceuse no 5,750 %.**
- **O bono ten un valor nominal de 500 millóns de euros e vence en 2031.**
- **En paralelo, a cooperativa subscribiu novos acordos de financiamento con entidades financeiras.**
- **A compañía tamén anunciou a amortización das obrigas subordinadas (OSES), dous anos e dous meses antes do seu vencemento.**

Elorrio, 19 de novembro de 2025.- Como continuación da comunicación que se remitiu hoxe á Comisión Nacional do Mercado de Valores (CNMV), **EROSKI** informa de que fixou os termos económicos da súa nova oferta de bonos sénior garantidos, cun valor nominal de 500 millóns de euros, un tipo de xuro fixo do **5,750 %** e con vencemento en 2031. Os xuros pagaránse semestralmente.

Ademais, EROSKI subscribiu novos instrumentos financeiros, entre os que se inclúen:

- un préstamo sindicado (TLA) por importe de 370 millóns de euros e con vencemento en 2031,
- unha nova liña de crédito por importe de 80 millóns de euros e con vencemento en 2031.

Os fondos que se obteñan mediante a emisión dos bonos e os novos instrumentos financeiros destinaránse a:

- a amortización anticipada das obrigas subordinadas (OSES) con vencemento orixinal en 2028 (209 millóns de euros),
- a amortización anticipada da emisión de bonos sénior garantidos ao 10,5 % con vencemento en 2029,

EROSKI: Dirección de comunicación corporativa

Patricia Martín Sanchidrián

Tel: 946 211 214 comunicacion@eroski.es

INCÓGNITO: Axencia de prensa

Silvia Peralta

Tel: 917 379 950

- o reembolso doutros préstamos que subscribiu o grupo,
- o pago dos xuros devindicados, primas, comisións e gastos asociados.

CONVOCATORIA PARA OS MEDIOS:

EROSKI convoca aos medios de comunicación a unha **conferencia de prensa mañá, xoves 20 de novembro, ás 13:00 horas**, no Bulevar 30 (Gran Vía 30, planta 17, Madrid). No encontro, **Rosa Carabel**, CEO do Grupo EROSKI, e **Josu Mugarra**, director financeiro do Grupo, ofrecerán todos os detalles da operación e atenderán ás preguntas dos xornalistas.

A conferencia de prensa retransmitirase en fluxo continuo para todos os medios que non poidan desprazarse a Madrid.

Acerca de EROSKI

EROSKI é un dos grupos de distribución líderes no norte do mercado español (desde Galicia ata Baleares) cunha cota de mercado do 12,7 % nesa zona. É líder no País Vasco, Navarra e Galicia, e colíder nas Illas Baleares. A súa rede comercial, a finais do 2024, suma 1502 establecementos, entre supermercados, hipermercados, cash & carry e supermercados en liña, ademais de gasolineras, tendas de deportes e outros negocios non alimentarios. Ademais, conta con máis de 6,4 millóns de socios clientes e máis de 27 600 persoas no seu cadro de persoal, das cales case 9000 son socias propietarias.

EROSKI: Dirección de comunicación corporativa

Patricia Martín Sanchidrián

Tel: 946 211 214 comunicacion@eroski.es

INCÓGNITO: Axencia de prensa

Silvia Peralta

Tel: 917 379 950